# A NOSA VOZ

C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez

**Edición 2023**



# ÍNDICE


| | | |
|---|---|---|
| DÍA DA FAMILIA | (Infantil 3/5 anos) | 02 |
| OS COVELIÑOS | (Infantil 4 anos) | 05 |
| PASAMOS A 1º | (1º Primaria) | 07 |
| ENTREVISTA AO DIRECTOR | (2º Primaria) | 10 |
| COÑECEMOS COVELO | (3º Primaria) | 12 |
| OLIMPÍADAS RURAIS | (4º Primaria) | 13 |
| LETRAS GALEGAS 2023 | (5º Primaria) | 16 |
| DESPEDIDA DE 6º PRIM. | (6º Primaria) | 17 |
| THE ENGLISH CORNER | (Inglés) | 18 |

# DÍA DA FAMILIA

## OS NENOS E NENAS DE EDUCACIÓN INFANTIL CELEBRAN O DÍA INTERNACIONAL DA FAMILIA.



Como cada ano, o día 15 de maio traballamos nunha manualidade para decirlles ás nosas familias o moito que as queremos.





Nesta ocasión preparamos unha casiña de madeira na que debuxamos ás nosas familias.

# DÍA DA FAMILIA









Orgullosos e orgullosas amosan o debuxo que prepararon para as súas familias co que lle demostraron todo o seu amor e cariño.



# DÍA DA FAMILIA

## AS NOSAS RECOMENDACIÓNS LITERARIAS SOBRE A DIVERSIDADE FAMILIAR




**Título:** “La familia C”.
**Autores:** Pep Bruno e Mariona Cabassa.




**Título:** “Teño dúas casas”.
**Autoras:** Paloma Rodríguez e Cristina Justo.




**Título:** “¿Por qué tengo dos papás?”
**Autora:** Cristina Castro Martín.




**Título:** “Adivina cuánto te quiero”.
**Autor:** Sam McBratney.

# OS COVELIÑOS

## GINKANA









# CARREIRA DE CULLER







# CARREIRA DE CARRETILLAS



# Pasamos A PRIMARIA

## OS NENOS E NENAS DE 5 ANOS EMPRENDEN A SÚA VIAXE A PRIMARIA

O alumnado de 6º de educación infantil remata o ciclo e deixa atrás 3 anos cheos de aprendizaxe, xogos, risas e cancións para comezar unha nova etapa na que tamén chegarán momentos inesquecibles.

## A NOSA ORLA




O día 19 de xuño poremos o broche final e terá lugar a graduación conxunta cos compañeiros de 6º de primaria.

## ACOMPAÑÁDENOS!




Co fin de entrar en contacto coas dinámicas da nova etapa, visitamos aos compañeiros e compañeiras de 1º de primaria e realizamos unha actividade conxunta na que clasificamos os obxectos que precisaremos o próximo curso.








# VISITA DE 5 ANOS A PRIMEIRO



Os nenos e nenas de
5 anos estiveron fai
uns días na nosa clase.
Foi un día estupendo!

# ENTREVISTA AO NOSO DIRECTOR

Os nenos e nenas da clase de 2.º entrevistamos a Xoán Barbosa, o noso director.



Leyre:- Cantos anos tes?

Xoán:- Teño 63 anos.

Asier:- Por que decidiche ser mestre?

Xoán:- Porque na miña familia hai moitos mestres: o meu avó, a miña nai, a miña tía, o meu irmán... É unha tradición de familia.

Breo:- Canto tempo levas sendo mestre?

Xoán:- Levo 41 anos de mestre. Son poucos, verdade?

Héctor:- Cantos anos levas neste colexio?

Xoán:- Pois moitos tamén. Levo 33 anos neste colexio.

Lea:- Cantos anos levas sendo director?

Xoán:- Moitos! Levo 21 anos como director.

Yamira:- Que é o que máis che gusta deste colexio?

Xoán:- O que máis me gusta do meu traballo e deste cole sodes vós, os nenos e as nenas. O feito de estar con nenos devólvenos un pouco á infancia que é unha época moi feliz.

Paula:- En que cursos che gusta máis dar clase?

Xoán:- Teño que dicir que canto máis grandes son os nenos máis me gustan porque a min gústame esixir moito nas miñas clases. Din clase en 2.º da ESO, en 8.º de EGB, din clases particulares a nenos de bacharelato.

Moisés:- Que é o que menos che gusta de ser director?

Xoán:- En realidade gústame todo de ser director. Hai cousas máis satisfactorias e outras menos, pero ser director é un conxunto de responsabilidades que si que me gusta.

Lucía :- En cantos colexios traballaches?

Xoán :- Tería que facer reconto. Antes de estar neste cole debín estar en oito ou en dez coles. De feito, o primeiro ano que traballei estiven en tres colexios.

Miriam :- Cal foi o teu mellor momento como mestre?

Xoán :- Como mestre todos os días hai bos momentos. Si os xuntas todos, farías unha ringleira que chegaría de aquí a China. Este é un bo momento, por exemplo. Gústame esta entrevista e que estedes todos aquí.

Sabela :- Agora que vas xubilarte, a que vas dedicar o tempo libre?

Xoán :- A moitas cousas, as mesmas ás que adico o tempo libre cando estou de vacacións: camiñar, xogar ao xadrez, ver cine, ir ás termas, viaxar...























# COÑECEMOS COVELO

En maio visitamos o noso Concello. En concreto fumos ao Lagar da cera de Paraños. Nese lugar conservan varios edificios destinados á elaboración de velas e obxectos con cera.
Ensináronnos toda a maquinaria para fabricación de cera e explicáronnos o proceso completo.



Despois fixemos unha ruta de sendeirismo ao canón do río da Freixa. Na ruta vimos moitas especies vexetais e animais. Tivemos un guía que nos explicou moitas cousas da zona. Aprendimos moito e pasámolo xenial!



# Olimpíadas rurais

As Olimpíadas rurais do ano 2023 celebráronse o 16 de maio no colexio de Covelo, xusto na véspera do festivo do Día das Letras Galegas.
Houbo moito público (pais, nais, curmáns, irmáns...) equipado con móbiles e cámaras para inmortalizar esta divertida competición.

O evento comezou co desfile olímpico ás 10:30 no que se deron a coñecer os diferentes equipos:



Os Pac-mans foron de vermello.



Os Fénix de laranxa.



Os Máquinas foron de cor rosa.



Os Capybaras foron de azul.



Os Vikingos de azul moi escuro.




Os Scorpions de amarelo.



Os Omega de azul celeste.



Os Terreneitor foron de verde.



Os Coveliños vestíronse de verde claro e tiveron a súa propia Olimpíada.

As probas que se fixeron foron individuais (xincana, culleres e velocidade) e grupais (tiro de corda, relevos e esponxas).

Ao final fíxose un baile todos xuntos que se chamaba Muñeira de San Adrián de Cobres pola Banda das Crechas e despois fomos a comer.

## CLASIFICACIÓN XERAL

Gañadores/as **Educación Infantil**

CULLER
3 anos: Enzo
4 anos: Estela
5 anos: Estela

CARRETILLA
3 anos: Mateo
4 anos: Gael
5 anos: Izan

**1º ciclo-nenas**
1º: Sabela de 2º E.P.
2º: Leyre de 2º E.P.
3º: Miriam de 2º E.P.

**1º ciclo-nenos**
1º: Moisés de 2º E.P.
2º: Noé de 1º E.P.
3º: Asier de 2º E.P.

**2º ciclo-nenas**
1º: María de 4º E.P.
2º: Julia de 3º E.P.
3º: Noa de 4º E.P.

**2º ciclo-nenas**
1º: María de 4º E.P.
2º: Julia de 3º E.P.
3º: Noa de 4º E.P.

**3º ciclo-nenas**
1º: Aitana de 6º E.P.
2º: Helena de 5º E.P.
3º: Xulia de 6º E.P.

**3º ciclo-nenos**
1º: Diego de 6º E.P.
2º: Tomás de 6º E.P.
3º: Hugo de 6º E.P.

## CLASIFICACIÓN DE EQUIPOS

1º:Scorpións.
2º:Vikingos.
3º:Máquinas.
4º:Capybaras.
5º: Fénix.
6º: Omegas.
7º: Pac-Man.
8º: Terreneitor.

# LETRAS GALEGAS 2023 no CEIP de COVELO

## Francisco Fernández del Riego



O alumnado de 6° de primaria, leulle a todo o colexio unha biografía do escritor. Naceu o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá. Os seus estudios comenzounos na súa localidade natal e rematounos en Monforte de Lemos. Nesta época xa comenzou as súas publicacións de relatos na revista escolar. Falece en Vigo aos 97 anos.



O alumnado de 5° leu unha entrevista sobre algunhas características da súa personalidade. O principal rasgo do seu carácter era a teimosía, o seu principal defecto a manía da puntualidade, a súa ocupación favorita era o traballo. Pero sen dúbida o máis salientable foi que nos ensinou a amar o idioma, a amar as nosas letras, e a amar a patria das galegas e dos galegos.

O alumnado de 3° e 4° recitou uns poemas de Francisco Fernandez del Riego. Leron os poemas: Leonardo de 3° e Lucas de 4°.





O alumnado de primeiro e segundo de primaria mostraron un encrucillado sobre o autor.
Estas son as palabras:
galaxia, amada, Lugo, Vigo, once, Vicente e galego.



O alumnado de educación infantil fixo unha fermosa coreografía na que cantaban a canción do moucho cun baile todos xuntos.
"Eu ben vin ben vin estar o moucho
enriba daquel penedo, moucho non che teño medo."



Dígochoeu é un proxecto de servizo público da CRTVG para achegar o galego á sociedade dunha forma dinámica e entretida. A TVG ofreceu a gran festa deste concurso de vídeos en galego que reúne preto de 500 nenos e nenas de toda Galicia.

Nesta edición o noso centro quedou de finalista e asistiron á gala o director do centro, Xoán e as mestras Milagros, Natalia e Paula.

Estamos a piques de rematar a nosa etapa neste centro e en educación primaria, pero non podemos facelo sen rememorar os mellores momentos que vivimos este curso. Para comezar, tivemos moitos mestres e mestras novos que nos gustaron.





Ademais, fixemos moitas saídas do centro como a saída ó Balneario de Mondariz pola conmemoración do día da auga, o torneo de bádminton en Ponteareas, o circuíto de cross ou a xornada de xogos populares no parque de Salvaterra onde coincidimos con outros nenos e nenas de centros educativos diferentes.





Tamén puidemos volver desfrutar de celebracións que nos gustan moito como o festival de nadal ou as olimpíadas, o entroido ou a visita ao noso novo centro para coñecelo antes de incorporarnos o curso que ven, que non se puideron levar a cavo durante os últimos anos por mor da covid 19.





E non podemos esquecernos da tan ansiada excursión de fin de curso a Madrid, para a que levamos traballando todo o ano e esperando con tantas ganas.
Foi unha experiencia única e irrepetible que gardaremos nas nosas memorias e nos nosos corazóns para sempre.
Asimesmo, tamén nos gustou moito a excursión de fin de curso ás Illas Cíes, onde puidemos desfrutar dunhas paisaxes inigualables.

# The United Kingdom

# The UK



There are four countries in The UK:

England, Scotland, Wales and Northern Ireland.

The capital city of England is London. The capital city of Scotland is Edinburgh. The capital city of Wales is Cardiff, and the capital city of Northern Ireland is Belfast.

Each country has got its flag:

This is the flag of England.



This is the flag of Scotland.



This is the flag of Northern Ireland.













This is the flag of Great Britain.



The union of these four flags makes The Union Flag which is the flag of The UK



**Wordsearch.** Look for the names of the four countries and four capital cities in The UK

Across →   Down ↓





| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | S | E | T | O | R | G | B | J | M | F | C | I | A | L |
| R | C | U | O | S | H | U | I | K | A | S | I | W | C | P |
| N | O | R | T | H | E | R | N | I | R | E | L | A | N | D |
| E | T | A | D | O | N | I | U | O | P | D | O | L | E | A |
| C | L | V | E | V | G | T | L | D | Q | I | F | E | K | Y |
| U | A | O | Y | T | L | O | N | D | O | N | A | S | O | E |
| S | N | H | U | X | A | K | U | J | W | B | Q | L | Z | Y |
| E | D | I | S | I | N | O | N | A | D | U | O | A | T | O |
| M | S | F | T | H | D | C | E | C | A | R | D | I | F | F |
| I | D | O | A | E | U | O | X | K | H | G | M | P | A | E |
| W | B | E | L | F | A | S | T | O | N | H | I | O | H | P |





6th grade